



Asociación cultural

West Coast Swing Galicia

Dossier versión 28/05/2024



Índice

1.- Introducción	3
2.- Obxectivos da asociación	4
3.- Actividades	4
4.- Equipo	7
5.- Imaxes e ligazóns	8
6.- Contacto	11



1.- Introducción

O West Coast Swing (WCS) é un estilo de baile en liña (ao longo do chamado *slot*) con raíces no Lindy Hop, orixinario da costa oeste de Estados Unidos. Caracterízase por unha elasticidade nos movementos que resultan da conexión da parella, onde a improvisación de ambos xoga un papel moi importante. Báilase cunha gran variedade de música: pop, rock, blues, funk...etc. e é un estilo dos máis inclusivos, pois nas parellas non hai a nomenclatura “home - muller”, senón que hai dous roles: *leader e follower*, onde calquera deles pode estar formado por persoas de calquera sexo, idade, fisionomía e nivel. Actualmente báilase en moitos países do mundo alén dos Estados Unidos, como en Canadá, Francia, Reino Unido, España, Italia, Alemaña ou Australia.

A súa competición máis característica é o Jack&Jill (JnJ) onde os bailaríns participantes, en función do posto obtido, acadan puntos oficiais a nivel internacional que lle irán permitindo ascender de nivel, pois os eventos están regulados e avalados polo [World Swing Dance Council \(WSDC\)](#). Esta competición consiste en bailar cunha parella aleatoria tres pezas de música, onde unha sempre é un blues, elixidas no momento pola disc-jókey; onde se valora a técnica, a conexión coa parella e a musicalidade. Esta aleatoriedade e improvisación fan que poida darse o caso, por exemplo, de que unha parella esté formada por dúas persoas do mesmo sexo, unha co rol de leader e outra co de follower; que en parellas de sexos opostos se invirtan os roles tradicionais, que as parellas non se coñezan, etc. Aínda así, tamén existen outros tipos de competicións que se levan a cabo en eventos oficiais rexistrados pero nas que non se obteñen puntos para ascender de categoría, como son o Fun JnJ ou o Strictly.

West Coast Swing Galicia (WCSGalicia) con CIF G44659811, é unha asociación cultural sen ánimo de lucro inscrita oficialmente en marzo de 2023, pero traballando activamente desde o ano 2019, dinamizando cursos, eventos e quedadas para fomentar este estilo de baile.

Ten o epicentro en Vilagarcía de Arousa e as súas actividades abranguen toda Galicia, atraen persoas do resto de Europa e promove saídas ao estranxeiro que dan a coñecer a comunidade *westie* galega a nivel mundial.



2.- Obxectivos da asociación

Os valores e fins principais da asociación son:

- Procurar o benestar físico e mental da xuventude, terceira idade e persoas de calquera outra franxa etaria.
- Promocionar as actividades deportivas relacionadas coa expresión artística e corporal, así como coa capacidade de improvisación.
- Fomentar actividades deportivas non individuais, apostando pola interacción social entre todos os asistentes.
- Conseguir un uso creativo e produtivo do ocio e tempo libre.
- Garantir un espazo seguro para a socialización.
- Fomentar a igualdade, a inclusión e o respecto á diversidade.
- Valorizar a lingua e cultura galegas na comunidade autónoma e promover a súa internacionalización.

3.- Actividades

Para levar a cabo os seus fins, a asociación organiza as seguintes actividades:

- Eventos, actividades, clases e certames anuais relacionados coa cultura, a danza e o deporte.
- Intercambios socioculturais e deportivos con outras asociacións europeas.
- Saídas relacionadas coa danza e o deporte.

En concreto:

1.- Certame Arousa Westie Fest: www.arousawestiefest.com

- Primeira edición: Febreiro de 2022, en Vilanova de Arousa. Sobre 50 participantes.
- Segunda edición: Febreiro de 2023, en Sanxenxo. Sobre 100 participantes.
- Terceira edición: Febreiro de 2024, en Sanxenxo. Evento *Trial* do organismo internacional WSDC. Sobre 120 participantes.
- Cuarta edición en fase de organización: Febreiro de 2025, en Sanxenxo. Está [inscrita como Registry Event](#) no organismo internacional WSDC. Trátase do único

evento destas características na Península Ibérica e espéranse uns 400 participantes.



A partir da cuarta edición en 2025, ao ser un evento oficial *de rexistro* do WSDC, a afluencia de competidores nacionais e internacionais vaise incrementar significativamente porque poderán rexistrar no ranking mundial, a puntuación conseguida nos JnJ.

Ademais dos aspecto formativo, deportivo e lúdico, cóidase especialmente a vertente cultural con excursións, gastronomía e música galega.

2.- Seráns de baile: Clases progresivas para aprender WCS desde cero, mellorar a técnica, os básicos ou aprender outro rol. A día de hoxe, realizáronse sete edicións de clase+social en Vilagarcía de Arousa.

3.- Saídas nacionais e internacionais: Axuda nas inscricións en grupo, organización das viaxes e do aloxamento de todos os *westies* galegos mesmo antes do rexistro formal da asociación (período 2019-2022). Neste dossier soamente mencionamos as saídas con representación galega en 2023 (lista actualizable ao longo do ano):

- Madrid Westie Fest (Madrid, Setembro 2023): 7 participantes.



- Milan Modern Swing (Milán, Outubro 2023): 3 participantes.
- Iruña Westieval (Pamplona, Novembro 2023): 25 participantes.
- Westie Pink City (Toulouse, Novembro 2023): 4 participantes.
- Swing Vester (Austria, Decembro 2023): 3 participantes.
- Swing Resolution (Escocia, Xaneiro 2024): 4 participantes.
- BeeMAD (Madrid, Maio 2024): 11 participantes.

4.- Colaboracións con entidades de ámbito local:

- Centros socioculturais do Carril e Rubiáns, en Vilagarcía de Arousa.
- Casa da Cultura de Corón, en Vilanova de Arousa.
- [Espazo Xove](#) (Consellería de Política Social e Xuventude) de Vilagarcía de Arousa.
- Escolas [Tempos&Menssana](#) e [Lokobaile](#) en Santiago de Compostela.
- Escola [Son Swing](#) na Coruña.
- Programa de [Noites Abertas](#), en Pontevedra.

4.- Colaboracións con entidades de ámbito internacional:

- [German Open](#), Freiburg, Alemaña.
- [Bavarian Open](#), Munich, Alemaña.
- [Berlin Swing Revolution](#), Berlín, Alemaña.
- [Swing Vester](#), Wels, Austria.
- [Seattle Swing Dance Club](#), Seattle, Estados Unidos de América.
- [Finnfest](#), Helsinki, Finlandia.
- [Sea, Sun & Swing](#), La Grande-Motte, Montpellier, Francia.
- [Let it WCS in Poitiers](#), Poitiers, Francia.
- [Paris Swing Classic](#), París, Francia.
- [Westie Pink City](#), Toulouse, Francia.
- [Milan Modern Swing](#), Milán, Italia.
- [Swing Resolution](#), Edimburgo, Escocia, Reino Unido.
- [Festival City Swing](#), Edimburgo, Escocia, Reino Unido.
- [Midland Swing Open](#), Windsor, Inglaterra, Reino Unido.
- [Rock the Barn](#), Umeå, Suecia.
- [UpTown](#), Estocolmo, Suecia.



4.- Equipo

- Hipólito Abalo: secretario.
- Lorena Reverendo: tesoureira.
- Ana González: vicepresidenta.
- Cristina Mariño: presidenta.
- Marcos Vence: vogal.
- Francisco Vidal: socio de honra.

Estes os logros en competicións internacionais por parte dalgunhas das persoas achegadas á asociación:

- Cristina Mariño: actualmente competidora en categoría Novice e a piques de subir a Intermediate. 1º posto New Comer en [West in Lyon](#), Francia, Marzo 2023. 3º posto Novice no [Swing Resolution](#) de Edimburgo, Escocia, Xaneiro 2024.
- Marta Pedrouzo, Ana González, Lorena Reverendo e Uxía Vázquez: actualmente competidoras na categoría New Comer en eventos do estranxeiro.
- Claudia Sánchez de Movellán, Ana Lema, Cristóbal Ibáñez: vencedores na categoría New Comer no [Arousa Westie Fest](#).
- Joni Martínez, Ana González e Cristina Mariño: vencedores na categoría Novice no [Arousa Westie Fest](#).
- Fran Vidal: é o asociado con maior [palmarés](#) e experiencia, o que reverte no resto do colectivo. Competidor na categoría Intermediate, a piques de subir á categoría Advanced. Estes son algúns dos seus logros:
 - 1º posto New Comer [Berlín Swing Revolution](#), Alemaña, Decembro 2018.
 - 2º posto Novice [Riga Summer Swing](#), Letonia, Agosto 2019.
 - 4º posto Intermediate [Uptown Swing](#), Suecia, Agosto 2022.
 - 2º posto Intermediate [Rock The Barn](#), Suecia, Agosto 2022.
 - Finalista Intermediate [Milan Modern Swing](#), Italia, Outubro 2022.
 - 3º posto Intermediate [Westie Pink City](#), Francia, Novembro 2022.
 - 2º posto Intermediate [Swing Resolution](#), Escocia, Xaneiro 2023.
 - 3º posto Intermediate [Rock The Barn](#), Suecia, Xullo 2023.
 - 5º posto Advanced [Swing Resolution](#), Escocia, Xaneiro 2024.



- 1º posto Advanced [BeeMAD](#), Madrid, Maio 2024.

5.- Imaxes e ligazóns

Websites e redes sociais:

- [West Coast Swing Galicia](#)
- [Arousa Westie Fest](#)
- [Instagram WCSGalicia](#) - [Instagram AWF](#)
- [Facebook](#)
- [Canle de YouTube de WCSGalicia](#)

Artigos en prensa:

- 21.03.2024 - Diario de Arousa - [Bailarines internacionales se darán cita en Sanxenxo en el Arousa Westie Fest](#)
- 20.02.2024 - Pontevedra Viva - [Figuras internacionais do baile cítanse na Arousa Westie Fest en Sanxenxo](#)
- 20.03.2024 - Canal Rías Baixas - [Sanxenxo, capital galega nesta fin de semana do baile 'máis viral' das redes sociais](#)
- 03.08.2023 - Diario de Arousa - [Bailarines "Westies" de todo el mundo se darán cita en Sanxenxo en el "Arousa Westie Fest 2024"](#)
- 15.06.2023 - Faro de Vigo - [¿Qué hacer hoy en Arousa? 4ª ed. do Serán de Baile](#)
- 02.03.2023 - La Voz de Galicia - [Amantes del «west coast swing» en Arousa](#)
- 01.03.2023 - Diario de Arousa - [Sanxenxo baila West Coast Swing](#)
- 07.11.2019 - Canal 7 Rías Baixas - [Vilanova bailará a ritmo de West Coast Swing](#)
- 07.11.2019 - La Voz de Galicia - [El WCS se bailará en Vilanova este fin de semana](#)



**SERÁNS
DE BAILE**

DOMINGO, 18 DE XUÑO

19:30 CLASE INICIACIÓN WCS

20:30 SOCIAL SBKZ • WCS


7€ CLASE INICIACIÓN + SOCIAL
(CON CONSUMIÓN MÍNIMA)

PARADISE VIP VILAGARCÍA DE AROUSA

 @WCSGALICIA



AWF 2023 JnJ





6.- Contacto

Domicilio social: Av. Rosalía de Castro nº 28, portal 1, 2ºD
36600 Vilagarcía de Arousa, Galicia, Spain

Correo electrónico: info@wcsgalicia.com

Messenger Facebook: www.facebook.com/wcsgalicia

Direct Message Instagram: www.instagram.com/wcsgalicia